

Prófugos betanceiros (1900-1930): masiva migración de adolescentes fuxindo da guerra

XAVIER BRISSET MARTÍN*

Sumario

Entre 1900 e 1930, máis da metade dos mozos betanceiros foron declarados prófugos polo concello cando non se presentaban ao acto de clasificación e sorteo da súa quinta. Esta porcentaxe, que algúns anos afecta a tres de cada catro quintos, contrasta co promedio español que queda nun 17,46%. (1) Neste traballo cuantíficase esta migración masiva de adolescentes, analízanse as Leis de Recrutamento e Reemplazo do Exército que afectan ó período e preséntanse dados sociolóxicos dos mozos betanceiros, acompañando táboas comparativas con outros concellos galegos e do conxunto do Estado.

Abstract

Between 1900 and 1930, more than half of the young betanceiros were declared fugitives by the council when they did not appear at the act of classification of their promotion. This percentage, which some years affects three out of four, contrasts with the Spanish average which is 17.46%. (1) This paper quantifies this mass migration of adolescents, analyzes the Laws of Recruitment and Replacement of the Army that affect the period and presents sociological data of young Betanceiros accompanying comparative tables with other Galician municipalities and the whole of the State.

INTRODUCCIÓN

A marea migratoria galega cara a América ten seus máximos nas tres primeiras décadas do século XX. Un dos subgrupos que a conforman son os adolescentes que aproveitan a liberdade de emigración antes de cumplir os 15 (ata 1907) ou antes de cumplir os 16 anos, segundo a normativa que estivera vixente (2). Para poder embarcarse un varón, unha vez cumplidos eses anos, era preciso demostrar que xa estaba libre do servizo militar.

Na outra banda, en América, deixaban entrar a rapaces sen acompañamento se tiñan máis de catorce anos. Por tanto, para emigrar legalmente había unha pequena fiestra, entre os 14 e os 15 ou 16 anos, que aproveitaron milleiros de rapazotes. A partir de aí a emigración clandestina era o único recurso do mozo que non quería acudir á chamada do servizo militar.

A migración de menores xa chamou a atención de Xesús Torres Regueiro quen analizou os expedientes de emigración conservados no Arquivo de Betanzos entre 1865 e 1907, demostrando que a idade media dos betanceiros que emigraban legalmente a Arxentina era de 15,5 anos para os varóns e 19,4 para as mulleres. Mentre que os que emigraban a Cuba era de 17,7 e 20, respectivamente. «Moitos dos rapaces non sobrepasan os 13 ou 14 anos, idade na que xa teñen rematado a escolarización e emigran para dedicarse ao comercio ou ao abeiro dalgún parente» (TORRES REGUEIRO, 2012).

Agora, neste traballo, avanzando no marco cronolóxico e analizando a documentación de quintas, procurarei coñecer e cuantificar as opcións elixidas polos rapaces betanceiros ante o chamamento e clasificación da recruta anual. Especialmente se eran declarados prófugos por estaren ausentes cando cumprían 20 anos. Tamén dar conta dos diferentes dados sociolóxicos que desas quintas ofrece a documentación de *Expedientes de*

* Xavier Brisset Martín (La Habana 1952), investigador e divulgador cultural, é comisario das exposicións de 8mares.com



Embarque de emigrantes na Coruña.
asxubiasoscastrosagaiteira.wordpress.com/

Reclutamiento, todo enmarcado na lexislación pertinente. Así como comparar esas porcentaxes cos de outros concellos da antiga provincia de Betanzos e coas globais do Estado.

Principiando, analizaremos as Leis de Recrutamento e Reemprazo do Exército que afectan ó período, presentando os criterios de clasificación e tratamiento dos mozos e as consecuencias de seren declarados prófugos.

AS LEIS DE RECRUTAMENTO E REEMPRAZO

Tódolos anos, en cada concello, realizábase unha listaxe dos mozos nados vinte anos antes. Eran chamados para seren tallados, clasificados e sorteados. No caso de considerar que eran válidos para o exército eran declarados *soldados útiles*. Determinado día eran conducidos a un cuartel da capital da provincia e entregados na *caixa de recrutas*. A partires dese momento comezaba a súa vida militar que duraría doce anos (ata 1912) ou dezaoito.

Este proceso seguía un calendario marcado pola correspondente **Ley de Recrutamento e Reemprazo** en vigor. Para o período entre 1900 e 1930 debemos coñecer as aprobadas o **11 de xullo de 1885**, vixente durante vinte e sete anos con algunas modificacións ata que foi substituída pola do **27 de febreiro de 1912** e finalmente, tras doutros doce anos, pola do **29 de marzo de 1924** que chegou ata a República.

A funcionalidade destas leis era regular a entrega ó Exército dos mozos útiles necesarios para substituír ós veteranos que pasaban á reserva. Segundo a lei do 85, o número de mozos mobilizados era decidido cada ano polo goberno, que determinaba cantos homes eran chamados «al servicio de las armas para el ejército activo». Ao mesmo tempo realizábase o repartimento do continxente co que participaría cada provincia, encargándose a deputación en facer o correspondente reparto por cada localidade. A partires da lei do 12, todos os mozos estaban obrigados a incorporarse.

En tempos bélicos podían realizarse chamamentos extraordinarios, pero todos os anos, en guerra ou en paz, en cada concello, seguíase un estrito calendario de actos que ocupaban a prioridade municipal do primeiro trimestre.

A) A Lei de Recrutamento e Reemprazo cando as Guerras de Cuba e Filipinas

Comecemos segundo o ditado pola lei de 1885 que, tras varias modificacións, foi de obligatorio cumprimento por todos e cada un dos concellos do Reino ata 1912. (3)


O primeiro de xaneiro un bando do alcalde debía informar do comezo dos trámites da recluta do ano entrante, reproducindo os artigos pertinentes da Lei. A continuación, o secretario do concello realizaba unha primeira listaxe dos mozos que debían ser convocados, partindo dos libros de Rexistro civil, dos de bautismo parroquiais, dos padróns municipais e das listaxes realizadas nos concellos cando os mozos pedían obrigatoriamente a súa



Acción da Guerra de Marrocos (1859-1860).
Litografía de José Villegas. Museo Nacional del Romanticismo.

PROFUGOS PARA SOBREVIVIR

En corenta anos, entre 1858 e 1898 foron numerosas as aventuras bélicas do exército español; Intervención en Conchinchina (1858-62), ocupación da illa de Fernando Pôo (1858), I Guerra de Marrocos (1859-60), Expedición a México (1862), Invasión de Santo Domingo (1863-65), Guerra do Pacífico (1865-66), Guerra dos Dez anos (1868-78), Guerra Chiquita (1879), 3ª Guerra Carlista (1872-76), Inacabable ocupación de Mindanao, Ocupación de Río Muni, Guerra de Independencia de Cuba 1895-98, Guerra de Independencia de Filipinas (1996-98) e Guerra contra os EE.UU.(1898). Todas elas supuxeron duras experiencias para os mozos das clases populares que non podían redimirse a metálico. A escasa alimentación, as condicións antihixiénicas nos cuarteis, as doenzas tropicais... resultaban más mortíferas que as armas inimigas. A antipopular Guerra de Marrocos motivou que moitos rapaces escolleran a emigración prematura. O profuguismo masivo foi alentado polas familias e socialmente comprendido.



A Cuba, por no terer seis mil reales.

Semanario El Molino, 1905.

Anuario Brigantino 2020, n. 43



Fotograma de película da Guerra de Cuba.

servizo no Arsenal ou embarcados nos navíos da Armada; Se existían mozos en paradoiro descoñecido, requiríranse publicamente. E os que mudaran a outra residencia coñecida, debía o alcalde informar ao concello de destino para que os incluíran na listaxe onde habitaban.

Feitos estes trámites, o último domingo de xaneiro, a listaxe depurada facíase pública para escoitar todo tipo de reclamacións dos interesados e veciños. Os argumentos destas reclamacións debían ser confirmadas ou rexeitadas antes do sábado anterior ó segundo domingo de febreiro, cando quedaba pechada definitivamente a listaxe oficial de cada concello que debía incluír a todos os mozos residentes que cumprían vinte anos entre o primeiro de xaneiro e o trinta e un de decembro dese ano.

O segundo domingo de febreiro, en presenza da corporación e de todos os mozos, en acto público, realizábase un sorteo. Introducíanse nun bombo unhas papeletas cos nomes dos quintos, cada un nun sobre lacerdo. No outro bombo tantos números consecutivos como mozos. Extraídos por dous nenos menores de dez anos un sobre do primeiro bombo e un número do segundo, emparellábanse na listaxe definitiva.

O primeiro domingo de marzo, anunciado por bandos, pregóns e citación persoal dos mozos, constituíase o concello en sesión pública para realizar o acto de talla, revisión médica e declaración de soldados.

Chamábase por nome e apelidos ao mozo que lle tocara o número un e procedíase a tallalo (4). A continuación era recoñecido facultativamente polo médico titular do Concello, aínda que non alegase doença nin defecto físico. O resultado de ambas operacións únianse ao expediente persoal do mozo. Acto seguido era invitado a que expuxera os motivos que tivera para eximirse do servizo, advertíndolle «que no será atendida ninguna excepción que no alegue entonces».

No caso de solicitar excepción debía presentar a xustificación ou documento pertinente, antes do día 31, fin de mes, data límite para o ditame do concello.

Efectuada a talla e revisión do mozo número un era clasificado como:

1º.- a) **Excluído totalmente** do servizo militar por defecto físico de clase 1^a, evidentemente incurable; Padecendo inutilidade de clase 2^a, recoñecida polos médicos; Non chegando a

inscrpción, unha vez cumprían os dezoito anos.

Antes de cada trinta e un de decembro, os párrocos debían entregar unha listaxe por parroquia cos nenos nados vinte anos antes, e a súa filiación, deixando constancia dos falecidos, incluída a data. O xuíz municipal cotexaría eses datos cos do rexistro civil, unificando, nunha nova listaxe, a todos os quintos do municipio. O 15 de xaneiro debía facela pública. O concello, previa confirmación do Comandante de Mariña, daba como exentos os mozos que estaban matriculados na Mariña, pois estes debían seguir as instrucións do *apostadero naval* correspondente, ben para realizar o

unha estatura mínima de 1500 mm., ou ser relixioso, novizo ou mineiro de Almadén (estas últimas exclusións foron eliminadas no 1912)

b) **Excluído temporalmente** os declarados inútiles por doença ou defecto físico de posible curación e os que deron talla superior a 1.500 mm. pero non chegaron a 1.540 mm., debendo acudir todos eles a revisións os seguintes tres anos.

2º.- **Soldado útil.**

3º.- **Soldado condicional**, destinado a prestar servizos só no caso de guerra segundo un regulamento especial, por ser fillo único que manteña ó pai sexaxenario ou inútil, a nai probe e viúva ou se o seu home leva máis de 10 anos en paradoiro descoñecido, por ser neto único que manteña ó seu avó ou avoa probes, por ser irmán que mantén a outros inútiles ou menores de 17 anos... e outras variábeis sempre centradas en que o quinto era o único que garantía os ingresos nunha casa probe.

4º.- **Prófugo**, se chamado tres veces non se presentaba nin acudía persoa na súa representación que xustificara a ausencia.

Se a decisión de clasificalo nunha das categorías non era unánime entre os presentes (outros quintos, familiares, membros da corporación, outros veciños...) faríانse constar as reclamacións para que decidira a Comisión Mixta na seguinte etapa.

Unha vez clasificado o mozo número un, chamábase ao dous e sucesivamente ós demás ata cualificar ao último dos apuntados nese reemprazo. Seguidamente realizábase a revisión dos casos declarados excluídos temporalmente ou soldados condicionais dos tres anos anteriores. Se a doença ou defecto físico mellorara, se o corto de talla chegaba ós 1.540 mm., ou se as condicións económico familiares do fillo ou neto único mudaran para ben... debían ser declarados soldados.

A lo largo del segundo trimestre do ano, todos os casos de exclusións e as reclamacións contra os fallos dos concellos debían ser revisados pola Comisión Mixta. Citados na capital todos os mozos interesados acudían acompañados por un comisionado do concello a gastos pagados. O representante municipal entregaba unha certificación de todas as dilixencias practicadas. A Comisión Mixta, presidida polo Gobernador civil e o Coronel xefe da zona, practicaría as dilixencias oportunas e fallaría a clasificación de cada mozo, rectificando ou confirmando a do concello. Ante esta última decisión o interesado aínda podía recorrer ante o Ministerio de Gobernación, quedando o expediente pendente de resolución do Goberno.

Finalmente, o primeiro de agosto, ingresaban os mozos en Caixa. Tamén acompañados por un comisionado do concello que recibía os pases correspondentes dos mozos eximidos do servizo activo, este documento os autorizaba a desprazarse pola súa comarca de residencia. Tamén recibían un pase numerado os soldados útiles que así serían sorteados para destino. Importante é que unha vez entrado en Caixa, o quinto pasaba a depender da xurisdicción militar polo que no caso de ausentarse, unha vez recibido o pase, xa non sería cualificado como prófugo senón de desertor, aplicándosele o Código de xustiza militar.

Nos seguintes 12 anos, segundo a sorte que tiveran, pasarían por diferentes etapas, dende servizo activo ás diversas reservas. (5)

Contemplaba esta Lei de 1885, e as anteriores, a posibilidade de redimirse a metálico. O soldado tiña dous meses, despois de entrar en Caixa, para abonar 1.500 pesetas, no caso de ter destino na península, ou 2.000 se lle tocara Ultramar. Con ese pago quedaba liberado das súas obrigacións militares. A cantidade estaba só ao alcance dos ricos, existindo *seguros de quintas* e prestamistas cos que podían endebedarse as familias con algunas

propiedades. Esta opción de redención era interesante también para o Exército e a Mariña que obtinhan un financiamento extra.

Tamén podía eludirse o compromiso militar presentando un substituto adecuado ou trocar o número por outro recruta máis afortunado no sorteo e que quedara en reserva por exceso de cupo. Estes apaños entre particulares podían acordarse previa entrega de compensacións económicas ou determinados favores.

Terminadas as Guerras de Cuba e Filipinas cun funesto resultado para os soldados enviados a Ultramar, multiplicouse a oposición a este sistema de reclutamento que permitía o escapismo dos fillos das familias adñeiradas. A consigna de *-Todos ou ningún!*, defendida polos sindicatos de clase en alusión á obligación de participar no exército de todos os ciudadáns, non só dos probes, foi gañando adeptos conforme a Guerra de Marrocos seguía unha deriva máis e máis dramática. Nos primeiros dez anos do século, houbo nada menos que catro proxectos de lei de Recruta e Reemplazo para substituír a de 1885, pero ningún chegou a ser aprobado. (6) (7)

B) Sen redención a metálico... pero con cotas

Finalmente, en 1911, chegouse a un compromiso entre os poderes de Estado e o Exército publicándose a Ley de Bases que enmarcou o desenvolvemento da **Ley de Reclutamiento y Reemplazo del Ejército de 1912**. (8)

No seu artigo 1º aseguraba que «El servicio militar es obligatorio para todos los españoles con aptitud para manejar las armas...» e no 4º que «...por su condición personal, no admite la redención a metálico, la substitución, ni el cambio de número o situación militar» pechando as vías polas que podía eludirse a prestación do servizo. Pero... feita a lei, feita a trampa.

No capítulo XX *Reducción del tiempo de servicio en filas*, ofrecen a posibilidade de reducir drasticamente o tempo de prestación. Se o soldado abonaba 1.000 pesetas de *cuota militar* cumpliría con 10 meses no *Cuerpo* que escollera, en períodos de catro, tres e tres meses, nos que «podía vivir fuera del cuartel». Tamén debía costear o seu equipo e aportar e manter un cabalo. Se a *cuota militar* que pagaba era de 2.000 pesetas, cumplía con 5 meses en dous períodos de tres e dous meses. Vencido este prazo, no que era tratado como *soldado de primera o distinguido*, podía levarse o cabalo. Estas *cuotas* podían pagarse a prazos. No caso de familias con tres ou máis varóns, ofrecían descontos para o terceiro e seguintes. (9)

Sen dúbida, a imaxe do soldado distinguido, cabalgando no seu corcel camiño da casa, mentres os demais quintos agardaban a que os mandaran a Marrocos, é un bon retrato da Restauración Borbónica.

Nalgúns aspectos esta lei do 1912 era continuidade da de 1885, por exemplo no calendario a seguir polos concellos no proceso do alistamento, na obligación do mozo que cumple 20 anos de apuntarse na listaxe, respondendo os pais se non o facía... pero modificou temas importantes como a duración do propio servizo militar que pasaba de 12 a 18 anos (10); A idade de alistamento dos mozos pasaba de 20 a 21 anos; Eliminaba a figura do *soldado condicional* incorporándoo a *excluidos temporales* e, sobre os curtos de talla, engadía outros parámetros como o peso e o perímetro torácico (11). Tamén creaba a opción de prórrogas que adiaban a incorporación con determinadas xustificacións... para continuar estudos, por empresas comerciais ou industriais, asuntos de familia ou



Estación de Trelew coa colleita lista para ser enviada. Este trigo obtivo primeiros premios mundiais. <Argentinaxplora.com>


DE LABREGOS NA ECONOMIA DE SUBSISTENCIA A PEÓNS NA ECONOMIA DE EXPORTACIÓN

A revolución industrial creou millóns de postos de traballo nas fábricas, ao tempo que asulagaba feiras e mercados coas súas manufacturas, quedando sen saída os produtos dos artesáns rurais. A economía de subsistencia, privada deses ingresos extra, era incapaz de manter ás familias labregas, obrigadas a pagalos impostos en efectivo. Arruinados, algúns campesiños atopaban traballo nos novos talleres, mentres os máis tiñan que emigrar. Destinos preferentes EE.UU. e Arxentina.

Ahora (en Liverpool, 1835) llega el turno de embarque de los pobres emigrantes a los que se amontona sobre el puente.. Pobre ganado humano... Es preciso que partan. Los modestos tejedores mueren de hambre en los alrededores de Manchester. (SCHNERB, R., 1960)

Os primeiros millóns de europeos empobrecidos partiron dos países ribeiregos do mar do Norte, foco inicial da industrialización, despois, conforme avanzaba a distribución dos produtos industriais os efectos nótanse na periferia.

... británicos y alemanes proporcionan los más fuertes contingentes, en su mayor parte artesanos rurales a los que la fábrica ha arruinado... se les suman después los irlandeses y escandinavos... a partir de 1880 la gran novedad es la entrada en escena de la Europa meridional y oriental... portugueses, españoles e italianos; después se mezclan con ellos los súbditos de Francisco José y del zar. (SCHNERB, R., 1960)



Nenos co carro (Museo do Pobo Galego). A imposición do liberalismo nos estados europeos fixo inviable a tradicional economía de subsistencia. En países con alta densidade de poboación, como Galiza, creou vagas migratorias cara a territorios co capitalismo desenvolvido.



Marrocos.- A vanguarda dunha compañía de Infantería bebendo no río Luens.
. Cuberta da revista *LA HORMIGA DE ORO. ILUSTRACIÓN CATÓLICA*, 1913.

de seren declarado soldado útil. Outra seren exceptuado por inutilidade ou doença física ou procurar unha prórroga e, finalmente, poder acollerse a pagar a cuota militar.

Esta vía consular foi perfeccionándose na seguinte lexislación.

C) Na Ditadura tres Decretos – Lei e creación das taxas

Seis meses despois do golpe de Estado, o 29 de marzo de 1924, Primo de Rivera presentaba ao Rei as **Bases para un Decreto – Ley de Reclutamiento y Reemplazo del Ejército**, e un ano despois o **Reglamento** que o desenvolvía. (13)


O servizo militar tamén o consideraban, de acordo coa Constitución, obligatorio para todos os españois, constituíndo «una preminencia de la ciudadanía», o certo é que continúan co sistema de «cuotas militares para la reducción del tiempo de servicio en filas». Neste caso unificaban a oferta a nove meses en filas e a cantidade a aboar estaba en relación cos ingresos familiares. Un potentado debía pagar 5.000 pesetas polo primeiro fillo, para os seguintes tiña desconto. No outro lado da escala, a quien ingresara menos de 10.000 pesetas pedíanlle 500. Como no anterior regulamento tamén podían escoller *Cuerpo* pero xa non estaban obrigados a aportar o cabalo.

O tempo de servizo seguían sendo dezaoito anos e o calendario a respectar polos concellos tampouco variaba. Segue insistindo na obligación do mozo de inscribirse na listaxe en canto cumpría vinte anos. De non realizalo sería castigado con multa de 200 a 500 pesetas e, na súa ausencia, a multa caía sobre os pais podendo ser de 500 a 1.000 pesetas.

tarefas agrícolas. Debían solicitarse ante a Comisión Mixta por un ano, prorrogables por tres más consecutivos, pero sempre de un a un.

Moi importante para o presente relato sobre os prófugos que estás a ler, é que esta lei, e o seu regulamento, desenvolvían con interese a opción para os mozos no estranjeiro de seren alistados nos consulados españois. Antes xa existía esa posibilidade pero agora era dotada de medios, designando «los consulados de España que se habilitan para las operaciones de reclutamiento... teniendo en cuenta las estadísticas de residentes españoles en los diferentes países.» (12)

Este recoñecemento da existencia de moitos mozos no estranjeiro que estarían ausentes no intre do alistamento no seus pobos, e polo tanto serían declarados prófugos, confirma a realidade da emigración prematura. A posibilidade de inscribirse no consulado contemplaba varias opcións, unha era ser destinado a unha Caixa de Recruta na península no caso



MELILLA. LOS HORRORES DE MONTE ARRUIT

1, Un aspecto de la subida a la posición en el momento de llegar nuestras tropas. En tierra se ven los cadáveres de los oficiales y soldados traidoramente asesinados por los moros. 2, Los hermanos de la Doctrina Cristiana dando sepultura a los caídos. 3, El interior del reducto, destrozado por los moros. (Fotos Lázaro y Litrán.)

Reportaxe fotográfica da toma de monte Arruit, 1921, noreste de Marruecos,
na provincia de Nador, a 30 km ao sur de Melilla.

ABC, 21 outubro 1921.

A Comisión mixta que resolvía as reclamacións era substituída pola *Junta de clasificación y revisión*, de composición exclusivamente militar pero na que os concellos podían ter voz.

Había modificacións na clasificación dos quintos que podían resultar: A) Útiles para o servizo; B) Excluídos definitiva ou temporalmente e C) Prófugos.

Para os primeiros había varias categorías

- A) Presentarse na concentración do seu reemprazo.
- B) Con prórroga de incorporación.
- C) Exclusivamente para servizos auxiliares

Os mozos que declarados útiles, mantiveran os pais sexaxenarios ou inútiles, ós avós, ós irmáns menores de idade... podían solicitar prórrogas. Tamén aqueles cun irmán en servizo activo ou por motivos de estudo.

Os mozos residentes nas repúblicas americanas podían solicitar prórrogas no consulado de España, debendo satisfacer anualmente una cuota de 500 pesetas. Esta proposta foi desenvolta pouco despois nun **Decreto – Lei publicado o 25 de marzo de 1926**, ampliado por outro o **26 de outubro de 1927**, no que determinaba unhas cotas anuais más razonables, agora denominadas *taxis*. De feito, esta proposta representou un doadoo compromiso entre a necesidade de ingresos económicos do Exército e da Mariña e o desexo dos mozos de emigrar fuxindo da mobilización. Con escasas modificacións estivo en vigor ata 1958.

PROFUGOS E CARTIÑOS

Toda esta lexislación que regulaba a entrada dos mozos na disciplina militar, reservaba un destacado espazo a aqueles que, por antimilitarismo ou instinto de supervivencia, decidían faltar ás citas impostas expoñéndose a importantes castigos. Como vimos, recibían nota de prófugos aqueles mozos ausentes no acto de alistamento. O concello debía abrillle expediente que sería ultimado e fallado antes do trinta de abril, quedando o tema nas mans da *Comisión Mixta* ou a partires de 1924 na da *Junta de Clasificación*. Elas debían informar ao gobernador civil que comezaría as dilixencias para prendelo.

De ser encontrado, como castigo, era enviado ós peores destinos de África, cun recargo de dous anos sen licencias perdendo o dereito a redimirse ou sustituirse, así como privado das excepcións ou exclusións que podían corresponderlle. Tamén era castigado a pagar os gastos que ocasionara a súa captura e conducción. Os cómplices da fuga eran multados (de 100 a 500 pesetas) igual que os que o achantarán ou admitiran ao seu servizo.

Como premio a calquera cidadán que denunciara a existencia e paradoiro dun prófugo, tería dereito a designar a un mozo que sería beneficiado considerándoo como redimido a metálico. O liberado podía ser un fillo ou irmán. Por ese motivo o prófugo debía de marchar da casa e, preferiblemente, fuxir a América:

(Los prófugos) no podían quedarse en las inmediaciones de los suyos por temor a los vecinos que los delatarían animados por las ventajas que obtendrían de su delación. En consecuencia, tenían que cambiar de ambiente y buscar asentamiento en medios geográficos y humanos desconocidos, en los que sólo a base de una gran discreción podían lograr un cierto grado de seguridad. Además, los prófugos eran muchachos jóvenes, por lo que su edad se convertía en uno de los mayores obstáculos de los muchos que debían afrontar, pues no dejaría de llamar la atención la llegada a un lugar de un mozo desconocido en edad de servir en el ejército. (MARTINEZ RUIZ, 1995)



Postal
commemora-
tiva do I
Centenario
da República
Arxentina.
Colección
Rossato.


ARXENTINA UNHA REPUBLICA CENTENARIA (1910) ACOLLEDORA DE INMIGRANTES EUROPEOS

Do libro *ESTUDIO SOBRE EMIGRACION. Guías especiales del emigrante*, de Eduardo Vincenti, Madrid 1908


«Todos estos esfuerzos alcanzaron carácter oficial en la Constitución nacional de 10 de Mayo de 1855, cuyo artículo 2 dice lo siguiente: *El Gobierno federal fomentará la inmigración europea, no podrá restringir, limitar ni gravar con impuesto alguno la entrada en el territorio argentino de los extranjeros que traigan por objeto labrar la tierra, mejorar las industrias é introducir y enseñar las artes y las ciencias...*» (pax 171)

«Desde el momento de llegar los inmigrantes, se les interroga sobre los puntos á donde quieren dirigirse y se les ofrece por la Oficina de Trabajo las colocaciones que ésta puede proporcionarles, según los pedidos que tiene recibidos con expresión de los salarios que se paga y demás condiciones y son anotados prolíjamente en los libros especiales que se llevan. Cuando por el momento no hay pedido de trabajadores de la profesión de un inmigrante que desea colocación, la misma Oficina se encarga de buscarle trabajo, ya sea dirigiéndolo á las fábricas, empresas ó talleres. ó bien telegrafando al interior de la República. Los inmigrantes son advertidos en el caso de que pidan dirigirse á un punto donde no hay trabajo de la profesión á que pertenecen. No se hace presión en el ánimo del inmigrante para que tome tal o cual destino, respetándose sus decisiones.» (pax. 174)

«Tras el desarrollo de la agricultura vino la valorización de la tierra, y hoy día un inmigrante laborioso conseguirá en una provincia 50 hectáreas de terreno fértil bien situado por (\$ 600) 600 pesos papel, o sea 200 \$ oro, igual á 1 000 francos, con facilidad para pagarlos á plazos de tres o cuatro años, con buenas vías de comunicación, telégrafo, correo, etc. Ya no hay miseria ni desamparo en las comarcas argentinas, y por tanto allí donde vaya el inmigrante, allí tomará posesión de un suelo rico y prosperará al amparo de leyes previsoras y liberales instituciones.» (pax. 176)



Total de inmigrantes da Rep. Arxentina e importe das exportacións/importacións. Revista Caiana.



O problema é que non podería regresar ata cumplir os 35 anos, cando cesaban as súas obrigacións militares (nalgún documento amplíase ata os 40).

Así foi como moitos adolescentes emigraron legalmente antes de cumpliren os dezaseis anos, outros embarcaron clandestinamente e estaban a milleiros de quilómetros cando os citaban no seu concello para o alistamento da súa quinta.

Ante tanta persecución e acoso resulta sorprendente que en moitos dos expedientes de reemprazos realizados anualmente polos concellos galegos, sexa frecuente dar con porcentaxes de mozos declarados prófugos que pasan do 50, 60, 70% e ata máis, sobre o total dos quintos.

Estes masivos porcentaxes permiten asegurar que era unha práctica perfectamente asumida socialmente, non so tolerada e comprendida, senón mesmo incentivada. Contradicindo as acusacións de falta de valor ou traizón ante os deberes cidadáns, os prófugos participaban nas poderosas asociacións de emigrantes que, sumando esforzos e sacrificios, conseguiron construír e dotar centos de aulas escolares nas sociedades de instrución que mantiveron, dando exemplo de que o patriotismo podía estar más próximo dos libros que das armas.

Tamén, varios autores (Hervás Sayar, Fernández González, Fernández Prieto, Artiaga Rego, Balboa López, 1997) presentan este profuguismo masivo no contexto das resistencias e conflitos da Galicia rural:

Por lo demás, las propias condiciones del servicio -cuatro años de duración mínima, frecuentes coyunturas bélicas en España, Cuba o Marruecos, elevada mortandad en los acuartelamientos por las pésimas condiciones de vida- vinieron a sumarse a los mecanismos de reclutamiento en la explicación de la resistencia y los conflictos que la quinta generaba. Para explicar esa conflictividad es preciso tener en cuenta que en principio la prestación del servicio militar es un mero problema individual. El Estado liberal se entiende a este respecto con individuos, y reclama de cada uno de ellos respuestas concretas. De ahí que el primer nivel de conflicto sea el que se establece entre el recluta y la administración, representada en primer lugar por el Ayuntamiento, luego por la Diputación, y en último término por las propias fuerzas armadas. El conflicto se producía cuando el llamado a filas intentaba incumplir su obligación, utilizando fundamentalmente dos vías: la emigración y la automutilación.

Un traballo sumamente ilustrativo sobre este fenómeno no norte da provincia de A Coruña, foi publicado por Bernardo Máiz Vázquez (2019) recollendo non só documentos, hemeroteca e cadros estatísticos, tamén cancións, coplas, epístolas e anécdotas de profunda humanidade sobre as vivencias dos mozos nunha das encrucilladas da vida.

Agora ben, estaba os Ministerios de la Guerra e de Marina pasivos ante esta sorprendente realidade? Pois non, mais ben procuraban sacarlle proveito. Lendo más polo miúdo a lexislación resulta que entre medias das grandes leis de Recrutamento e Reemprazo que vimos, coas súas ameazas e sancións, existe unha longa sucesión de indultos para prófugos a cambio de cartos. Durante os trinta primeiros anos do século XX, cada dous anos de promedio concedíase unha amnistía ou indulto na que o prófugo podía regularizar a súa situación se pagaba a redención, a cuota militar ou a taxa, segundo as épocas. Eses cartiños, imposibles de xuntar para un labrego pero non tanto para un emigrante un pouco afortunado, eran agardados como auga de maio nos orzamentos de Guerra.




Emigrantes europeos na cuberta do barco.

PORCENTAXES NO CONCELLO DE BETANZOS

A importante corrente migratoria de betanceiros e betanceiras cara a América, especialmente a Arxentina, era moi importante no século XIX, con algúns casos de especial suceso de retornados que deixaron unha rechamante pegada na comarca.

Eses vencellos familiares facilitaron que centos de adolescentes optaran por dar o salto prematuramente, coa vantaxe engadida de evadir o chamamento militar. Moi pouco despois da derrota do 98, xa atopamos espectaculares porcentaxes do 50% dos mozos declarados prófugos por estaren en América. Se a porcentaxe a facemos sobre os mozos chamados útiles, é dicir, se da quinta restamos todos aqueles que por unha causa ou por outra eran exceptuados ou exentos, e nos quedamos só cos que sendo sans e aptos para o exército aceptaban servir como soldados ou aqueloutros que preferían estar ausentes a miles de quilómetros o día da talla e clasificación, nos encontramos con moitos anos nos que os segundos chegaban a porcentaxe que superaban o 75%. Constituíndo unha norma social que compartímos cos asturianos.

O lugar de destino preferente manifestado polos familiares cando o mozo ausente era chamado a quintas era: Buenos Aires, Argentina, América... ou un maioritario «en paradero desconocido desde hace años», formula de anonimato que evitaba intromisións non desexadas.



CONCLUSIÓNS

Grazas a amabilidade de Xosé María Veiga e Alfredo Erias puiden consultar os Expedientes de Recrutamento e Reemprazo dos anos 1901, 1902, 1903, 1904, 1905, 1907, 1908, 1909, 1910, 1911, 1915, 1929 e 1930. Todos eles completos e perfectamente conservados.

Para cubrir os anos pendentes resultaron útiles os Libros de Actas plenarias, onde publicamente, no mes de abril de cada ano, facíanse constar os mozos declarados prófugos. Tamén consultei o Boletín Oficial da Provincia onde a Comisión Mixta de Recrutamento publicaba os datos pertinentes. Ademais, no ano 1935, recolleuse nun libro manuscrito a clasificación dos mozos nos dez anos anteriores. Con estas fontes, non todas primarias, pode perfilarse a participación betanceira neste fenómeno social.

Con estes dados pode concluírse:

1.- A porcentaxe de mozos betanceiros declarados prófugos polo concello da un promedio anual dun 52%, sendo o de soldados un 48% (sobre o total dos quintos descontados os exentos, exceptuados ou excluídos) no conxunto do período 1901-1930.

2.- Esta porcentaxe aumenta nos anos centrais do período 1910-1914, con porcentaxes que chegan ao 70 % sobre o total dos quintos.

3.- O comportamento dos mozos betanceiros é moi similar a dos de outras localidades da antiga provincia de Betanzos, presentados noutros traballos recentes.

4.- O profuguismo masivo confirmado, non era moi común no resto do Estado, onde de promedio no período queda nun 17% (sobre o total dos quintos).

5.- A vaga migratoria xa estaba en marcha antes de 1900, pero evitar a Guerra de Marrocos incentiva a decisión de *cruzar o charco* antes de quedaren atrapados pola lexislación militar.

TABOAS ADXUNTAS

| Taboa nº 1, NENOS INSCRITOS NOS LIBROS DE BAUTISMO DAS FREGUESIAS DE BETANZOS | | | | | |
|--|-------------|-------------|-------------|--------------|------------|
| | 1888 | 1889 | 1890 | Total | % |
| Santiago de Betanzos + San Martiño de Bravío | 60 | 60 | 50 | 170 | 39,08 |
| Sta. M. de Azogue + San Pedro das Viñas | 44 | 31 | 35 | 110 | 25,28 |
| San Martiño de Tiobre | 27 | 19 | 19 | 65 | 14,94 |
| Santo Estevo de Piadela | 16 | 14 | 17 | 47 | 10,80 |
| Santiago de Requián | 14 | 11 | 11 | 36 | 8,27 |
| Santa María de Pontellas | 4 | 3 | - | 7 | 1,60 |
| TOTAL | 165 | 138 | 132 | 435 | 100 |
| Morreron antes de seren chamados a filas | 45 | 42 | 42 | 129 | 29,65 |
| Mozos nas quintas de 1909, 1910 e 1911 | 120 | 96 | 90 | 306 | 70,34 |

Antes de finalizar cada ano os párrocos debían entregar ao xuíz municipal unha listaxe cos nenos nados vinte anos antes. Estes documentos eran cotexados cos libros de rexistro civil, censos e a listaxe na que obrigatoriamente os propios mozos debían apuntarse. O 15 de xaneiro facíase pública unha primeira relación para rectificación pública.

| Táboa nº 2, MORTALIDADE INFANTIL E % DE SUPERVIVINTES ALISTADOS NAS QUINTAS CONCELLO DE BETANZOS | | | | | | | | | | |
|---|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|----------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| | 1881 | 1882 | 1883 | 1884 | 1885 | 81-85 % | 1894 | 94 % | 1909 | 09 % |
| Nenos nados | 160 | 162 | 162 | 159 | 165 | 100 | 158 | 100 | 167 | 100 |
| Falecidos antes de cumplir 3 anos | 43 | 28 | 50 | 45 | 29 | 24,13 | 37 | 23,41 | 20 | 11,97 |
| Falecidos entre os 3 e os 20 anos | 15 | 13 | 17 | 12 | 13 | 8,66 | 14 | 8,86 | 7 | 4,19 |
| Suma falecidos antes alistamento | 58 | 41 | 67 | 57 | 42 | - | 51 | - | 27 | - |
| Mozos a filas no Exército + Mariña | 102 | 121 | 95 | 102 | 123 | 67,2 | 107 | 67,72 | 140 | 83,83 |
| Quintas | 1901 | 1902 | 1903 | 1904 | 1905 | % | 1915 | % | 1930 | % |

Nas relacións anuais asinadas polos párrocos cos nenos nados en cada parroquia, fanse constar as datas dos falecementos, sendo doado achegarse ó nivel de mortalidade infantil da época. Un terzo non sobrevivía para seren chamado a filas. Estas porcentaxes son moi superiores a media actual da África subsahariana 8,1% (Atlas of African health statistics 2016. OMS). A situación mellorou claramente comezado o século XX.

Táboa nº 3, MOZOS DE BETANZOS INSCRITOS NA MARIÑA / ALISTADOS NO EXERCITO

| | | | | |
|---|---------------|---------------|---------------|----------------|
| 1901: 16 / 86 | 1902: 15 / 92 | 1903: 12 / 91 | 1904: 15 / 88 | 1905: 22 / 105 |
| 1906: - / - | 1907: 10 / 81 | 1908: 15 / 80 | 1909: 18 / 95 | 1910: 9 / 92 |
| 1911: 7 / 83 | 1912: 9 / 87 | 1913: 14 / 69 | 1914: 15 / 88 | 1915: 12 / 93 |
| Total 1901 – 1915 : 189 Inscritos na Mariña 13,31% / 86,68% Alistados no Exército 1.230 | | | | |

Se algúns rapaz maior de 14 anos desexaba participar ou dedicarse a pesca ou calquera outra actividade marítima debía inscribirse na Mariña. No golfo Ártabro había dúas comandancias (Ferrol e A Coruña) e dúas axudantías (Sada e Pontedeume) onde recibía a cartilla de navegación. Os mariñeiro de Betanzos optaban maioritariamente por inscribirse en Sada. Cando cumpría 18 anos debía confirmar esa inscrición quedando vencellado ao Apostadero de Ferrol para cumplir o servizo militar. Alí era tallado e clasificado sendo destinado ao Arsenal ou nos buques da Armada. Estes destinos eran mais seguros que os de terra. Cada ano, determinado número de mozos betanceiros eran borrados dos alistamentos para o Exército e sorteados en Ferrol. Os anos 1929 e 1930 sumaron 108 os exceptuados por ese motivo, 103 matriculados en Sada e 5 na Coruña.

Táboa nº 4, OFICIOS DOS MOZOS PRESENTES NA TALLA E CLASIFICACION

| | 1903 | 1907 | 1911 | Total | % |
|----------------------------|------|------|------|-------|-------|
| Albaneis | - | 2 | 3 | 5 | 3,52 |
| Barbeiros | 1 | 1 | 2 | 4 | |
| Camareiros café ou fonda | - | 2 | 1 | 3 | |
| Carpinteiros + cadeireiros | 3 | 4 | 1 | 8 | 5,63 |
| Cesteiros | - | 2 | - | 2 | |
| Cocheiros | - | 4 | 3 | 7 | 4,92 |
| Dependentes de comercio | 3 | 5 | 2 | 10 | 7,04 |
| Estudantes | 3 | 2 | 1 | 6 | 4,22 |
| Ferreiros | 3 | - | - | 3 | |
| Labregos ou xornaleiros | 40 | 15 | 12 | 67 | 47'18 |
| Panadeiros | 2 | - | 1 | 3 | |
| Serventes ou criados | 1 | 1 | 1 | 3 | |
| Xastres | 3 | 2 | - | 5 | 3,52 |
| Zapateiros | 2 | 2 | - | 4 | |

Ademais, durante eses tres anos, nove mozos foron apuntados como comerciante, escribinte, follalateiro, guarnicionero, lanterneiro, mestre de primaria, mineiro, sancristán e mendigo, e outros tres sen oficio coñecido. Non están incluídos nin os inscritos na Mariña nin os declarados prófugos.

NIVEL DE INSTRUCCION DOS MOZOS PRESENTES

| | 1903 | 1907 | 1911 | Total | % |
|---------------------------------------|------|------|------|-------|-------|
| Carecen de instrucción | 21 | 12 | 9 | 42 | 30,0 |
| Saben ler i escribir soamente | 39 | 35 | 19 | 93 | 66,42 |
| Estudan dereito, medicina ou farmacia | 3 | 1 | 1 | 5 | 3,57 |

| Táboa nº 5, CLASIFICACIÓN QUINTOS NO CONCELLO DE BETANZOS E NO ESTADO | | | | | | |
|---|------------------------|----------|----------|--------------------------|--|--|
| | Total quintos Exército | Prófugos | Soldados | Outros excluídos exentos | Betanzos Quintos - Outros (1) Prófugos / Sold. | Estado Quintos – Outros (1) Próf. / Soldados |
| 1901 | 86 | 27 | 44 | 15 | 38,0% / 61,9% | |
| 1902 | 92 | 25 | 44 | 23 | 36,2% / 63,7% | |
| 1903 | 91 | 21 | 57 | 13 | 26,9% / 73,0% | |
| 1904 | 88 | 31 | 35 | 22 | 46,9% / 53,0% | |
| 1905 | 105 | 42 | 42 | 21 | 50,0% / 50,0% | |
| 1906 | - | - | - | - | - | - |
| 1907 | 81 | 34 | 34 | 13 | 50,0% / 50,0% | |
| 1908 | 80 | 51 | 13 | 16 | 79,6% / 20,3% | |
| 1909 | 95 | 55 | 32 | 8 | 63,2% / 36,7% | |
| 1910 | 92 | 56 | 26 | 10 | 68,2% / 31,7% | |
| 1911 | 83 | 55 | 19 | 9 | 74,3% / 25,6% | |
| 1912 | 87 | 60 | | | | 30,1% / 69,8% |
| 1913 | 70 | 48 | | | | 28,1% / 71,8% |
| 1914 | 88 | 56 | | | | 31,2% / 68,7% |
| 1915 | 93 | 45 | 22 | 26 | 67,1% / 32,8% | 28,3% / 71,6% |
| 1916 | 88 | 31 | | | | 26,0% / 73,9% |
| 1917 | 89 | 24 | | | | 24,9% / 75,0% |
| 1918 | 88 | 31 | | | | 23,4% / 76,5% |
| 1919 | 103 | 27 | | | | 21,6% / 78,3% |
| 1920 | 89 | 30 | | | | 22,9% / 77,0% |
| 1921 | 94 | 35 | | | | 23,7% / 76,2% |
| 1922 | 73 | 25 | | | | 23,5% / 76,4% |
| 1923 | 69 | 36 | | | | 22,3% / 77,6% |
| 1924 | 81 | 36 | 29 | 16 | 55,3% / 44,6% | 22,1% / 77,8% |
| 1925 | 92 | 43 | 25 | 24 | 63,2% / 36,7% | 24,0% / 75,9% |
| 1926 | 75 | 24 | 30 | 21 | 44,4% / 55,5% | 22,4% / 77,5% |
| 1927 | 72 | 24 | 37 | 11 | 39,3% / 60,6% | 19,8% / 80,1% |
| 1928 | 77 | 25 | 34 | 18 | 42,3% / 57,6% | 20,1% / 79,9% |
| 1929 | 58 | 27 | 21 | 10 | 56,2% / 43,7% | 19,8% / 80,1% |
| 1930 | 78 | 27 | 39 | 12 | 40,9% / 59,0% | 19,0% / 80,9% |
| Media | | | | | 52% / 48% | 24% / 76% |

(1) Se restamos **Outros** (excluídos, exentos, pendentes...) ao total de Quintos, quedan **Prófugos** ou **Soldados**.

Fontes

- Expediente de reemplazo no Arquivo municipal: 1901, 1902, 1903, 1904, 1905, 1907, 1908, 1909, 1910, 1911, 1915, 1929 e 1930.
- Libros de Actas de Plenos: 1913, 1914, 1916, 1917, 1918, 1919, 1920, 1921, 1922 e 1923.
- BOP, 12 xullo 1912: 1912.
- Libro cos resúmes na Caixa 420 do Arquivo municipal: 1924, 1925, 1926, 1927 e 1928.
- Para o Estado, elaboración propia sobre datos Anuarios Estadísticos de España INE

Unha pescuda similar realizada cunha mostra de 58 expedientes anuais dos concellos de San Sadurniño, Neda, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Monfero e Pontedeume, que resultaban ser o 23% dos expedientes totales do período 1901-1930, deu como resultado que foron declarados prófugos 861 mozos (56,5%) e soldados 661 (42,4%), mentres que para os mesmos concellos sobre unha mostra de 113 expedientes anuais (44,8% do total do mesmo período) deu un número total de 3.641 quintos, dos cales 1.649 (45,2%) foron declarados prófugos.

| Táboa nº 6, MOZOS DECLARADOS PRÓFUGOS SOBRE TOTAL DOS QUINTOS (1910 – 1919) | | | | | | | | | | | |
|---|----------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|
| | 1910 | 1911 | 1912 | 1913 | 1914 | 1915 | 1916 | 1917 | 1918 | 1919 | |
| Comarca Ortegal (1) | Prófugos | 137 | 141 | 156 | 169 | 197 | 135 | 129 | 164 | 130 | 112 |
| | % P/Q | 63,13% | 70,50% | 71,88% | 72,53% | 80,40% | 53,78% | 56,57% | 57,54% | 47,10% | 41,28% |
| Concello As Pontes | Prófugos | 26 | 22 | 20 | 20 | 32 | 35 | 33 | 35 | 24 | 29 |
| | % P/Q | 54,16% | 57,89% | 52,63% | 50% | 74,41% | 72,91% | 60% | 54,68% | 44,44% | 56,86% |
| Concello Betanzos | Prófugos | 56 | 55 | 60 | 48 | 56 | 45 | 31 | 24 | 31 | 27 |
| | % P/Q | 60,86% | 66,26% | 68,96% | 69,56% | 63,63% | 48,38% | 35,22% | 26,96% | 35,22% | 26,21% |
| Estado (2) | Prófugos | - | - | 37.491 | 43.009 | 46.528 | 41.866 | 40.217 | 40.978 | 37.665 | 33.668 |
| | % P/Q | - | - | 18,58% | 19,78% | 21,56% | 19,84% | 18,46% | 17,93% | 17,32% | 16,08% |

(1) Comarca de Ortegal: Concellos de Ortigueira (incluía Cariño), Mañón e Cerdido.

(2) Anuarios Estadísticos 1912 – 1919 INE.

% P/Q: Porcentaxe de prófugos sobre o total dos quintos (incluíndo exentos, excluídos, eximidos e soldados).

Nos arquivos municipais dos concellos da comarca do Ortegal e das Pontes consérvanse en perfecto estado os expedientes anuais de Recrutamento e Reemprazo correspondentes a esta década que representa o pico do profuguismo masivo. A partires de 1915, a guerra submariña e as limitacións no tráfico de trasatlánticos rebaixaron esas porcentaxes. Ainda así mantense a constante de duplicar ou triplicar as cifras medias do Estado. Pasada a Gran Guerra as porcentaxes volveron a subir ata o Crack de 29 que marca o final do período.

| Táboa nº 7, CLASIFICACION MOZOS REEMPRAZOS 1912 – 1930 .- TOTAL ESTADO | | | | | | | |
|--|-----------------------|---------------------------|----------------------------|---------------------------|----------------------------|-----------------|-----------------------|
| | Promedio 1912-1923 | Ano mínimo | Ano máximo | Promedio 1924-1930 | Ano mínimo | Ano máximo | Promedio 1912-1930 |
| Total mozos alistados | 218.084 | 1912 201.818 | 1923 238.052 | 1928 237.313 | 1924 228.182 | 1924 244.431 | 225.168 |
| Prófugos | 18'09 % | 1919 16,08 % 33.668 | 1914 21,56 % 46.528 | 1925 16,39 % 44.460 | 1930 18,99 % 34.903 | 1930 14,72 % | 17,47 % |
| Soldados útiles | 53,09 % | 1912 43'05 % 86.878 | 1919 58'36 % 122.189 | 1924 61,37 % | 1927 58,45 % 142.901 | 1927 64'53 % | 56,14 % |
| Excluídos totais | 8'14 % | 1919 6'65 % 13.915 | 1912 15,96 % 30.390 | 1927 3'76 % | 1924 2,61 % | 1924 6,18 % | 6,52 % |
| Excluidos temporais | 7,27 % | 1921 5,80 % 12.631 | 1912 10'68 % 21.558 | 1927 2,37 % | 1924 1,27 % | 1924 5,43 % | 5,46 % |
| Exceptuados + Servizos Auxiliares | 13,38 % | 1919 12,47 % 26.116 | 1922 14,97 % 34.353 | 1924 15,40 % | 1928 13,26 % | 1928 16,79 % | 14,13 % |

Fonte: Anuarios estadísticos de España; Instituto Geográfico Nacional.

NOTA DO AUTOR

Este artigo é complementario dos publicados recentemente:

BRISSET MARTIN, Xavier, «PROFUGOS ADOLESCENTES. Lexislación entre o militarismo e a teima recadatoria», revista *Cátedra* nº 26, Pontedeume 2019, no que se repasa a abundante lexislación militar xerada por este fenómeno, publicada polos ministerios de Guerra, Mariña e Gobernación que, por un lado, non escatiman ameazas e sancións pero, polo outro, parecen necesitar os cartos que lles reporta, nun difícil equilibrio entre o militarismo patriótico e o pragmático. Detállanse os 16 indultos e amnistías concedidas ós declarados prófugos nas tres primeiras décadas do século XX. Inclúe tamén as estatísticas de prófugos en oito concellos do distrito electoral de Pontedeume. (San Sadurniño, Neda, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Monfero e Pontedeume), con porcentaxes anuais por riba do 50%.

BRISSET MARTIN, Xavier, «EMIGRACION INFANTIL. Verdadeira bágoa de Galiza», revista *Hume* nº 12, As Pontes 2019. Nel repásase a lexislación sobre emigración que enmarca este fenómeno e identifícanse os diferentes intentos gobernamentais de orientar os fluxos migratorios, vense as estatísticas globais do Reino sobre o número de emigrantes e, da man dos textos recomendados oficialmente, coñecemos as opcións reais e a disposición dos migrantes para escoller destino. Finalmente achegámonos á sorprendente magnitud das cifras acadadas no concello das Pontes entre 1901 e 1930, cando foron declarados prófugos o 51,2 % dos quintos, sendo, nos anos centrais dese período, tres de cada catro.

BRISSET MARTIN, Xavier; «SOLDADOS E RAPACES : DENDE O ORTEGAL ATA CUBA. A ocupación militar no XIX abre a espita migratoria no XX»; *Terras do Ortegal*, 7; Ortigueira 2020. Ao longo do XIX, entre revoltas de escravos e alzamentos de independencia, a política imperial en Cuba planificou a creación de colonias militares para asentar a miles de soldados licenciados. Entre eles moitos labregos galegos que aproveitaron o Exército como vía emigratoria. Tras da independencia, os lazos familiares e de veciñanza fixeron dodata a emigración masiva de menores de 16 anos que, fuxindo do servizo militar, atoparon brazos que os acubillaron. Inclúe tamén as estatísticas de prófugos no concello de Ortigueira (incluía Cariño), Mañón e Cerdido. No conxunto da comarca Terras do Ortegal a porcentaxe máxima acadouse no quinquenio 1910-1914 cando foron declarados prófugos o 71,93% dos quintos.

NOTAS

(1) Porcentaxe de prófugos no conxunto do Estado, sobre o total de quintos de período 1912-1930. (Para o último decenio da Restauración 1912-1923 un 18,09%; para a Dictadura de Primo de Rivera 1924-1930 un 16,39%). Anuario Estadístico INE.

(2) *Ley de emigración*, publicada o 7 de decembro de 1907.

(3) Utilizo a *Ley de Reclutamiento y Reemplazo del Ejército de 11 de Julio de 1885, modificada por la de 21 de agosto de 1896*, publicada na Gaceta de Madrid o 23, 24 e 25 de outubro de 1896 constando de XVII capítulos e 200 artigos, anexando o *Cuadro de inutilidades físicas que eximen del ingreso en el servicio del Ejército y de la Armada en la clase de tropas y marinera*. Consultando tamén o seu *Reglamento de ejecución*, publicado o 26 de decembro de 1896 que estaba dividido en XXI capítulos e 248 artigos, axuntando o *Reglamento para la declaración de Exenciones del Servicio en el Ejército y en la Marina por causa de inutilidad física* con outros 32 artigos. Todo asinado por Marcelo de Azcárraga, Ministro de la Guerra.

(4) «Artículo 60.- Para tallar al mozo se le colocará con los pies enteramente desnudos haciéndole quitar la chaqueta o prenda equivalente y la faja, si la llevase, consintiéndole solo en la cintura una correa o cinturón estrecho. Tomará en la talla la posición militar, teniendo los talones unidos, apoyándolos en la intersección del plano vertical de la talla con el horizontal de la base; los pies igualmente abiertos, formando un ángulo algo menor que el recto; las piernas tendidas, sin hacer fuerza en las rodillas; el peso del cuerpo a plomo sobre las caderas; recogido el vientre; el pecho hacia fuera; los hombros algo retirados; los brazos caídos naturalmente; derecha la cabeza sin violencia y apoyada en la talla; la barba un poco recogida y la vista al frente. Sin violentar al tallado, puede el tallador cerciorarse de la talla observándose de perfil y haciéndole girar instantáneamente el cuello y la cabeza a derecha e izquierda, sin separar ésta de la talla, viendo el enrase.»

(5) «Durante estos doce años los mozos comprendidos en cada alistamiento podrán pertenecer a las clases y situaciones siguientes:

A.- Mozos en las Cajas de reclutas; B.- En servicio activo permanente; C.- En reserva activa o con licencia; D.- Reclutas en depósito o condicionales; E.- En la segunda reserva.

Son activas las situaciones B, C e D y en ellas han de servir todos los reclutas seis años, extinguendo el resto del total obligatorio en la primera y última situación»

(6) Os anos 1902 (27 de febreiro), 1903 (26 de xuño), 1906 (19 de novembro) e 1909 (5 de abril) foron publicados na Gaceta sendos **Proyectos de Lei de Recruta e Reemplazo** asinados polos Ministros de la Guerra, respectivamente Valeriano Weyler, Arsenio Linares, Agustín Luque e de novo Arsenio Linares.

O quinto intento, denominado **Proyecto de Ley de Bases para la de Reclutamiento y Reemplazo del Ejército** foi publicado na Gaceta o 7 de outubro de 1910, asinado polo Ministro de la Guerra Angel Aznar.

(7) Nestes mesmos anos previos a Gran Guerra, conforme tomaban corpo as propostas militaristas das diferentes oligarquías imperiais, que parecían dispostas a un brutal enfrentamento de exércitos de millóns de homes, os poderosos sindicatos de clase, as agrupacións anarquistas e os partidos socialistas rexeitaban participar nesa escalada armamentista e, ante o imperialismo defendían o internacionalismo e ante o belicismo o pacifismo. (Ver Congreso Extraordinario da II Internacional en Basilea, 1912)

(8) Finalmente foi aprobadas o 29 de xuño de 1911 a Lei de Bases que enmarcou a redacción da **Ley de Reclutamiento y Reemplazo del Ejército** publicada o 29 de febreiro de 1912, asinada por Agustín Luque, de novo Ministro de la Guerra, contíña 339 artigos divididos en XXIII capítulos. Axuntaba o **Cuadro de inutilidades con relación a la aptitud física para el ingreso en el Servicio del Ejército**, que incluía 248 variábeis. Case tres anos despois, o 2 de decembro de 1914, Alfonso XIII asinou o **Reglamento** para a súa aplicación con 504 artigos.

(9) «Como la cuota más barata soplona 12 – 18 meses del jornal medio del campesino ó 6 – 8 meses del industrial, sin contar los gastos de manutención, equipo y caballo, al servicio militar fueron obligados los de siempre. Acompañados agora, durante unos meses por los soldados de cuota» (CARDONA, G, *El poder militar en la España contemporánea hasta la guerra civil*, pax. 8, Siglo XXI, 1998)

(10) «Art. 204.- La duración del servicio militar será de dieciocho años, a partir del ingreso de los mozos en caja, distribuídos en la siguiente forma: A) Reclutas en caja (plazo variable); B) Primera situación de servicio activo (tres años); C) Segunda situación de servicio activo (cinco años); D) Reserva (seis años); E) Reserva territorial (resto de los dieciocho años).»

(11) A altura mínima seguía en 1.540 mm. pero contempla tamén a exclusión temporal do mozo con escaso perímetro torácico ou pouco peso relativo á altura. Nunha táboa de proporcións considera que

para as alturas medias de 160 – 165 mm. e 165 – 170 mm. debía concederse a exclusión temporal a aqueles mozos con perímetro torácico menor a 80 e 81 cms. e / ou peso menor a 55 e 58 kg. Estes valores determinaban o que definían como dubidoso potencial biológico.

(12) «Los mozos alistados en las Juntas consulares ingresarán en las Cajas de reclutas siguientes:» Na caixa de Madrid os inscritos no consulado español de: Bos Aires, Rosario de Santa Fé, Río de Xaneiro, Sao Paulo, Belén, Mexico e Veracruz. Os de Lisboa a Badaxoz, a Huelva os de Vila Real de Santo Antonio, a Cidade Rodrigo os de Oporto, a Cádiz e Alxeciras os dos oito consulados en Marrocos, a Almería os tres de Arxelia; a Barcelona os de Roma, Xénova, Marsella. Cette, Manila, Ilo Ilo e Honolulu; a Olot os de Xinebra, Perpigñan e Toulouse; a San Sebastián os de Hamburgo, Amberes, París e outros seis consulados da costa atlántica francesa; e a Bilbao os de Londres. Na Caixa de reclutas de A Coruña quedaban ingresados os cidadáns españois alistados nos consulados de Habana, Matanzas, Cienfuegos, Santiago de Cuba, San Xoan de Porto Rico, Santo Domingo, San Xosé de Costa Rica, Quito e Valparaíso; na de Pontevedra os de Panamá, A Guaira, Lima – Callao, Asunción e Montevideo; e no de Vigo os de Montreal, Nova Iorque, Nova Orleáns, San Francisco, Guatemala, San Salvador, Bogotá e A Paz.

(13) **Reglamento desarrollando el Real Decreto – Ley de Bases de 29 de marzo de 1924, relativo al Reclutamiento y Reemplazo del Ejército**, publicado na Gaceta o 6 de marzo de 1925. Constaba de XXIII capítulos e 523 artigos.

BIBLIOGRAFIA

- CARDONA, G. (19989). *El poder militar en la España contemporánea hasta la guerra civil*. Siglo XXI.
- HERVÉS SAYAR e outros (1997): «Resistencia y organización. La conflictividad rural en Galicia desde la crisis del Antiguo Régimen al franquismo». *Historia Agraria* nº 13, páxs. 165-191.
- MAIZ VAZQUEZ, Bernardo (2019): «Guerras de Cuba: Reclutamente, prófugos, mutilados, desertores, combatentes», *Revista Cátedra* nº 26, Pontedeume, pax. 113-128.
- MARTINEZ RUIZ (1995): «El reclutamiento militar y sus implicaciones sociales en el marco de la constitución de 1845», *Revista de Derecho Político*, nº 39, páx. 213-259.
- SCHNERB, Robert (1960): *El siglo XIX. El apogeo de la expansión europea (1815-1914)*. Madrid, páx. 185-189.
- TORRES REGUEIRO, Xesús (2012): «A emigración betanceira a América a través dos expedientes do Arquivo Municipal (1865-1907): *Anuario Brigantino* nº 35, páxs. 185-207.
- VINCENTI Y REGUERA, Eduardo (1908): *Estudio sobre emigración : guías especiales del emigrante español en América y Argelia*. Madrid, Imp. de los Hijos de M. G. Hernández.



Escenas da Guerra do Rif.
https://www.wikiwand.com/es/Guerra_del_Rif